



CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
servizos.sociais@tordoia.gal

BANDO

Don **EDUARDO ANTONIO PEREIRO LIÑARES**, alcalde
do Concello de TORDOIA (A Coruña)

FAI SABER

Que polo Real decreto 72/2019, do 15 de febreiro se regula o Programa de incentivos á mobilidade eficiente e sostible (BOE nº 41, do 16/2/2019) e pola Resolución do 10 de abril de 2019 se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de **axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable** (Programa MOVES), anualidade 2019 (DOG nº 74 do 16/4/2019) IN421Q e IN421R

Obxecto: Convocatoria de axudas correspondente as anualidades 2019-2021 para a concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (Programa MOVES)

Actuación 1: adquisición de vehículos de enerxías alternativas, será obrigatorio o achatarramento dun vehículo M1 de máis de dez anos ou dun vehículo N1 de máis de sete anos para as adquisicións de vehículos novos M1 ou N1)

Beneficiarias

1. Os profesionais autónomos
2. As persoas físicas
3. Comunidades de propietarios
4. Persoas xurídicas e outras entidades con ou sen personalidade xurídica cuxo NIF comece polas letras A, B, C, D, E, F, G, J, N, R ou W
5. O sector público: Administración do Estado, Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e Administración local e sector público institucional.

Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes comezará no prazo de dous meses contados a partir do día hábil seguinte á publicación no DOG da presente convocatoria, comezará as 9.00 horas do 17 de xuño e permanecerá aberto **ata o 31 de decembro de 2019**.

Lugar de presentación: A solicitude farase a través dos concesionarios de automóviles que actuarán como entidades colaboradoras.

Na páxina web do Inega (www.inega.gal) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras adheridas a esta convocatoria de axudas para tramitar as Actuacións 1 e 2.

Tordoia , a 20 de xuño de 2019

O alcalde

